



## **NORMAS XERAIS: (a partir das 00:00 horas do día 3 de maio de 2021)**

- **PECHE PERIMETRAL DE TODA A COMUNIDADE AUTÓNOMA**
- **TOQUE DE QUEDA ENTRE AS 23:00 HORAS E AS 6:00 HORAS DA MAÑAN.**
- **CENTROS E PARQUES COMERCIAIS:** o horario de peche será o que teñen fixado de acordo coa normativa vixente, debendo respectar en todo caso as limitacións establecidas para a mobilidade nocturna.
- **MANTENSE O PECHE DAS ACTIVIDADES DE FESTAS, VERBENAS E OUTROS EVENTOS POPULARES.**
- **MERCADOS NA VÍA PÚBLICA AO AIRE LIBRE (FEIRAS):**
  - a) Nos mercados **con menos de 150 postos autorizados**, poderán dispoñer do **100 % dos postos** habituais ou autorizados.
  - b) Nos mercados que teñan **entre 150 e 250 postos autorizados**, poderán dispoñer do **75 % dos postos habituais** ou autorizados.
  - c) Nos mercados que teñan **máis de 250 postos autorizados**, poderán dispoñer do **50 % dos postos habituais** ou autorizados.

### **A) CONCELLOS CON NIVEL DE RESTRICIÓN MÁXIMA (I.A. a 14 días maior de 500)**

- a. **Hostalería e Restauración pechada.** Só recollida no local ata as 22:30 horas e entrega a domicilio ata as 24 horas.
- b. **Reunións:** Só entre conviventes tanto no ámbito público como privado. (SALVO EXCEPCIÓNS)
- c. **Vehículos particulares:** Só conviventes, salvo traxectos ida/volta centro traballo ou ensino: Dúas persoas por fila de asentos. Uso obrigatorio máscara.
- d. **Atraccións de feira:** PECHADAS.
- e. **Peche perimetral:** de cada Concello. (SALVO EXCEPCIÓNS)
  - Cualedro
  - Laza
  - Vilanova de Arousa



## B) CONCELLOS CON NIVEL DE **RESTRICIÓN ALTA (I.A. a 14 días entre 500 e 250)**

- a. **Hostalería:** aberta ata as 21:00 horas só en terrazas cun aforo do 50%.
- b. **Restauración (con licencia):** aberta ata as 23:00 horas, exclusivamente servizo de ceas, con cita previa, rexistro clientes e a **partir das 00:00 horas do día 23 de abril**, dispositivos control calidade do aire.
- c. **Reunións:** limitarase a permanencia de grupos de persoas a un máximo de catro en espazos pechados, e de seis en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes. No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo destas será de catro ou seis persoas en función de si se reúnen en espazos pechados ou abertos.
- d. **Vehículos particulares:** Permitido non conviventes. Uso obrigatorio máscara.
- e. **Competicións deportivas con público, cines, teatros, auditorios, congresos:** a actividade poderá desenvolverse sen superar o 30% da capacidade permitida, público sentado e gardando distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, **cun límite máximo de duasetentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas, se se trata de actividades ao aire libre.**
- f. **Atraccións de feira:** PECHADAS
- g. **Mobilidade:** Entre tódolos concellos de Galicia salvo cos de restrición Máxima. (SALVO EXCEPCIÓNS)
  - **Concellos de restrición Alta:** Cambados, Coristanco, Gondomar, Grove O, Marín, Meaño, Merca A, Mesía, Padrón, Pastoriza A, Petín, Pontearreas, Ribeira, Salceda de Caselas.

## C) CONCELLOS CON NIVEL DE **RESTRICIÓN MEDIA (I.A a 14 días entre 250 e 150)**

- a. **Hostalería:** aberta ata as 21:00 horas en terrazas cun aforo do 50% e no interior cun 30%
- b. **Restauración (con licencia):** aberta ata as 23:00 horas, exclusivamente servizo de ceas, con cita previa, rexistro clientes, **e a partir das 00:00 horas do día 23 de abril**, dispositivos control calidade do aire.
- c. **Reunións:** limitarase a permanencia de grupos de persoas a un máximo de catro en espazos pechados, e de seis en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes. No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo destas será de catro ou seis persoas en función de si se reúnen en espazos pechados ou abertos.
- d. **Vehículos particulares:** Permitido non conviventes. Uso obrigatorio máscara.



- e. **Competicións deportivas con público, cines, teatros, auditorios, congresos:** a actividade poderá desenvolverse sen superar o 30% da capacidade permitida, público sentado e gardando distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, **cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas, se se trata de actividades ao aire libre.**
- f. **Atraccións de feira:** Capacidade máx. **1 pax por cada 3m<sup>2</sup>** ata un máximo de **500 pax para superficies iguais ou menores a 8.000m<sup>2</sup>**. Superficies superiores a 8.000m<sup>2</sup>, o límite máximo será de **1.000 pax**.
- g. **Mobilidade:** Entre tódolos concellos de Galicia salvo cos de restrición Máxima. (SALVO EXCEPCIÓNS)
- **Concellos de restrición media:** Allariz, Ares, Barco de Valdeorras O, Betanzos, Cambre, Cangas, Carballeda de Valdeorras, Carballo, Carnota, Cartelle, Chantada, Lalín, Laracha A, Lobios, Meira, Melide, Muiños, Nigrán, Ordes, Pobra do Caramiñal A, Poio, Porriño O, Rianxo, Ribadumia, Silleda, Tui, Vereia, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Xinzo de Limia.

#### D) CONCELLOS CON NIVEL DE RESTRICIÓN **MEDIA-BAIXA (I.A. a 14 días menor de 150)**

- a. **Hostalería:** aberta ata as 21:00 horas en terrazas cun aforo do 75% e no interior cun 50%
- b. **Restauración (con licencia):** aberta ata as 23:00 horas, exclusivamente servizo de ceas, con cita previa, rexistro clientes **e a partir das 00:00 horas do día 23 de abril**, dispositivos control calidade do aire.
- c. **Reunións:** limitarase a permanencia de grupos de persoas a un máximo de catro en espazos pechados, e de seis en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes. No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo destas será de catro ou seis persoas en función de si se reúnen en espazos pechados ou abertos.
- d. **Competicións deportivas con público, cines, teatros auditorios, congresos:** **O límite será de cincocentas persoas en lugares pechados e mil persoas para actividades ao aire libre, sen superar o 50% da capacidade permitida.**
- e. **Atraccións de feira:** Capacidade máx. **1 pax por cada 3m<sup>2</sup>**, ata un máximo de **500 pax para superficies iguais ou menores a 8.000m<sup>2</sup>**. Superficies superiores a 8.000m<sup>2</sup>, o límite máximo será de **1.000 pax**.
- f. **Vehículos particulares:** Permitido non conviventes. Uso obrigatorio máscara.
- g. **Mobilidade:** Entre tódolos concellos de Galicia salvo cos de RESTRICIÓN Máxima. (SALVO EXCEPCIÓNS)
- **Concellos de RESTRICIÓN media-baixa:** Resto de concellos de Galicia.